

# Regulamento Asembleario

## Título Preliminar. Do proceso

### Artigo 0

Este regulamento artéllase por impulso da Promotora de Sumar Galicia. Este proceso constituínte estará dirixido pola propia Promotora de Sumar Galicia, que delega os labores técnicos na súa Permanente.

A Permanente propondrá, e a Promotora aprobará, un calendario, regulamento, orde do día e proposta de relatorios para guiar o proceso.

## Título Primeiro. Das e dos participantes

### Artigo 1

Poderán tomar parte como asembleístas con pleno dereito de voz e voto á Asemblea Nacional de Sumar Galicia todas aquelas persoas que teñan a consideración de membros de Sumar Galicia. Fíxase para esta asemblea unha cota xenérica extraordinaria e obligatoria de 10 €, cantidade que será cobrada a todas persoas membro de Sumar Galicia.

Aquelas persoas membro que estean exentas de cota ordinaria estarán exentas de abonar esta cota extraordinaria.

### Artigo 2

As Asembleas Comarcais de Sumar Galicia estarán conformadas por todas as persoas dadas de alta como membros no momento de realizarse a xuntanza, así como de todas aquelas persoas que o fagan no mesmo momento de realizarse a Asemblea Comarcal. Empregarase, en todo caso, para o deseño comarcal a efectos do proceso, a división aprobada pola Promotora o 9 de marzo.

As persoas inscritas poderán participar, con voz e sen voto, nas deliberacións das Asembleas Comarcais.

### Artigo 3

Poderán participar con plenos dereitos no proceso e posterior Asemblea Nacional todas as persoas membros que estean ao día de todas as súas cotas ordinarias. O censo defintivo pecharase ás 23.59 horas do día venres 15 de novembro, ou o venres da semana anterior ao día da asemblea (sete días antes) se esta tivera que mudar de data.

## Artigo 4

Como observadores ou observadoras, con voz e sen voto, poderán asistir á Asemblea Nacional os e as inscritis convidados e convidadas.

## Título Segundo. Da redacción de textos

### Artigo 5

A Promotora aprobará, na mesma xuntanza que este regulamento, un calendario Asemblear, un equipo de relatores para cada texto e unha proposta de temáticas e ideas forza para a redacción dos mesmos.

Enviarase un primeiro borrador ou guión de relatorio ás Asembleas Comarcais, para recoller as súas propostas. Os relatores recollerán estas propostas e realizarán unha proposta definitiva de textos.

Estes relatorios definitivos remitiranse aos membros da Promotora para o seu debate, emenda e aprobación, podendo presentarse votos particulares aos mesmos se algún membro da Promotora o considerase axeitado. Posteriormente serán enviados ás Comarcas para o seu debate definitivo. Estes textos irán acompañados dos votos particulares sempre que os interesados ou interesadas membros da Promotora de Sumar Galicia, manifesten a súa vontade de mantelos.

### Artigo 6

As Asembleas Comarcais debaterán os relatorios e votos particulares, podendo formular emendas á totalidade ou parciais. As emendas pasarán ao Plenario de ser apoiadas por máis do 50% da Asemblea Comarcal. Os votos particulares só serán debatidos, non podendo ser rexeitados.

### Artigo 7

Na correspondente xuntanza da Promotora, será emitido un dictame sobre tódalas emendas. Estas poderán aceptarse, rexeitarse ou proporse unha transacción.

## Título Terceiro. Do transcorrer da Asemblea

### Artigo 8

A Promotora proporá, e a Asemblea Nacional votará e emendará, de ser o caso, unha proposta de Orde do Día para a Asemblea.

## Artigo 9

Os debates realizaranse en plenario, e en sesión de mañá e tarde, segundo se aprobe na Promotora de Sumar Galicia. A propia Asemblea Nacional Constituínte elixirá, a proposta da Permanente, unha Mesa do Plenario que dirixirá os debates da mesma. A citada Mesa estará composta por tres membros dos que un ou unha exercerá a Presidencia e dous a Secretaría, sendo estes últimos responsables de elaborar a acta da Asemblea.

Se o número de emendas fora tal que así o indicara, a Promotora, na mesma xuntanza de valoración de emendas, poderá acordar a existencia de comisións na sesión de mañá para axilizar o debate de emendas.

## Artigo 10

A Promotora de Sumar Galicia designará as persoas encargadas de defender os textos oficiais na Asemblea.

## Artigo 11

Se ningún membro do plenario asume a defensa dunha emenda, a mesma entenderase desbotada.

## Artigo 12

No debate de cada emenda haberá unha quenda a favor e outra en contra, seguidas, se fose necesario a criterio da Presidencia da Mesa, dunha quenda de réplica.

## Artigo 13

Relatores e emendantes poderán chegar a emendas transaccionais. Neste caso someteranse as dúas a votación, primeiro a orixinal e en segundo lugar a transaccional, sempre que alguén manifeste a súa vontade de manter o texto orixinal.

## Artigo 14

Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá ao correspondente do relatorio. Se todas foran rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal do mesmo.

## Artigo 15

Cada relatorio someterase á decisión final do pleno que os aprobará ou rexeitará no seu conxunto nunha soa votación. O pleno aprobará as propostas que acaden a maioría simple, isto é, contar con máis votos a prol que en contra.

## Artigo 16

A Asemblea aprobará, coa orde do día, o límite para que os e as asembleístas presenten ante a Mesa do Plenario propostas de Resolución da Asemblea Nacional, que serán aprobadas pola Asemblea nunha votación ao efecto.

## Artigo 17

A Asemblea Nacional Constituínte elixirá 30 membros para formar a Coordinadora Nacional. A elección farase por medio candidaturas pechadas, que deberán contar cunha lista de titulares igual ao número de postos a cubrir máis un mínimo de 3 suplentes, e deberá contar con alomenos un 50% de mulleres.

Deberá presentarse no email [assemblea@movementosumar.gal](mailto:assemblea@movementosumar.gal) entre as 00.00 horas do día 4 de novembro de 2024 e as 23.59 horas do día 15 de Novembro de 2024.

Todas as persoas que conformen as candidaturas deben estar dadas de altas como membros de Sumar Galicia e atoparse ao día das cotas no momento de rexistrar a candidatura.

As candidaturas incompletas ou presentadas fóra de prazo non se terán en conta. No caso de detectar erros na candidatura, concédese un prazo improrrogable de 48 horas para a súa subsanación. De non corrixirse no prazo sinalado, a candidatura será desbotada.

## Artigo 18

No caso de se presentar máis dunha candidatura, a votación será secreta e os postos distribuiranse polo procedemento proporcional directo. Se só existise unha e ninguén solicita o contrario, a votación farase a man alzada, quedando proclamada se obtén máis votos a prol que en contra. Esta votación será secreta de ser solicitado polo 10% de asembleístas presentes.

## Artigo 19

A Promotora de Sumar Galicia poderá presentar unha proposta de candidatura de Coordinadora Nacional se esta é aprobada previamente pola maioría simple dos seus membros.

## Artigo 20

A Secretaría Xeral recaerá en quen encabece a lista máis votada.

## Artigo 21

Posteriormente á elección da Coordinadora Nacional, o Pleno procederá á elección dos membros das Comisións de Garantías e de Disciplina, a proposta da Coordinadora recentemente eleita tendo que acadar un apoio asemblear de 3/5. Estas listas estarán compostas por 3 titulares e 2 suplentes, que non poderán tomar parte da Coordinadora Nacional nin poderán ostentar ningún tipo de cargo orgánico ou recibir remuneración por parte da organización.

## Título Cuarto. Do proceso Post Asemblear

### Artigo 22

Cando cause baixa un membro da Coordinadora Nacional, o seu posto será cuberto polo seguinte membro da lista correspondente.

### Artigo 23

A nova Coordinadora Nacional reunirse no prazo dun mes logo da Asemblea Nacional, para o cal as asembleas comarcais deberanse ter constituído e eleito ás correspondentes secretarías comarcais, que se incorporarán a este órgano.

## Disposicións Adicionais

### Primeira

A nova Coordinadora Nacional editará os textos aprobados no prazo máximo de tres meses trala celebración desta Asemblea Nacional Constituínte, cando menos en formato dixital.

### Segunda

As emendas ao presente Regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Polo tanto, o Regulamento, unha vez aprobado pola Promotora de Sumar Galicia, será válido e inemendable ata a constitución da Asemblea Nacional Constituínte, podéndose na propia Asemblea, na sesión plenaria, acordar modificacións que afecten, exclusivamente, aos procesos posteriores.

### Terceira

A Promotora, na súa última xuntanza antes da Asemblea, que será posterior ao peche do censo, dará validación definitiva ao censo previo informe positivo sobre o estado de abonamento das cotas de membros.

Procederáse tamén ao cobro, a partir desta data, da cota extraordinaria establecida no artigo 1. Estas cotas poden ser modificadas en contía ou suspendidas se as circunstancias e necesidades políticas, técnicas e organizativas así o aconsellaran, previo informe da Permanente.

## Disposición Final

Durante o proceso preassemblear, a Permanente de Sumar Galicia estará facultada para interpretar este regulamento en caso de dúbida ou omisión. Durante o tempo da Asemblea será a mesa que a presida quen estará facultada para interpretar este Regulamento en casos de dúbida ou omisión.